

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANUNCIO do 15 de abril de 2015, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos definitivos do baremo aberto polo Anuncio do 21 de novembro de 2014 para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores técnicos de formación profesional na especialidade de Procesos Comerciais e Procesos de Xestión Administrativa (Diario Oficial de Galicia do 2 de decembro) e polo Anuncio do 9 de febreiro de 2015 polo que se comunica a ampliación de titulacións (Diario Oficial de Galicia do 26 de febreiro).

Unha vez publicadas as listas provisionais e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación definitiva de excluídos na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Facer públicas na páxina web desta consellería <http://www.edu.xunta.es> as puntuacións definitivas e a relación definitiva de excluídos do baremo para as prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia na especialidade de Procesos Comerciais e Procesos de Xestión Administrativa (591221 e 591222), do corpo de profesores técnicos de formación profesional, abertas polo Anuncio do 21 de novembro de 2014, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* do 2 de decembro) e polo Anuncio do 9 de febreiro de 2015, polo que se comunica a ampliación de titulacións (*Diario Oficial de Galicia* do 26 de febreiro).

Segundo. Contra estas puntuacións definitivas e a relación definitiva de excluídos, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administra-



cións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses, contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, ante o xulgado do contencioso-administrativo, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2015

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

